



Guía Docente				
Datos Identificativos				2014/15
Asignatura (*)	Convivencia. mediación e resolución de conflitos	Código	652512202	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	4.5
Idioma	CastelánGalego			
Prerrequisitos				
Departamento	Pedagogía e Didáctica			
Coordinación	Sanchez Blanco, Concepcion	Correo electrónico	concepcion.sanchez.blanco@udc.es	
Profesorado	Sanchez Blanco, Concepcion Teasley Severino, Cathryn	Correo electrónico	concepcion.sanchez.blanco@udc.es cathryn.teasley1@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>O desenvolvemento das sociedades do mundo e da convivencia humana a través do tempo, ata o actual período histórico de modernidade tardía, serve de telón de fondo para comprender o papel chave que xoga a convivencia e a mediación e resolución de conflitos nas institucións socioeducativas, así como a condición cidadá de quen participa nas mesmas. Trátase de situar a convivencia no seu xusto marco de aproximación conceptual e de elaboración práctica e activa, pois dito marco é máis amplo, complexo e dinámico do que a miúdo parece: transcende a cultura escolar e as distintas institucións educativas en xeral, englobando outros ámbitos formais e non-formais de acción e produción sociocultural, como son a educación en familia, a cultura popular da comunidade local, os medios de comunicación de masas, e as diversas institucións do Estado. Este grande marco atópase, a súa quenda, dentro doutro contexto aínda máis amplo de política internacional e transnacional que se move ao ritmo dun sistema económico cada vez máis globalizado: o capitalismo neoliberal. Neste escenario mundial de ámbitos tan interdependentes e complexos ?e de recursos naturais finitos?, a conflitividade xurde desde os desequilibrios de poder entre colectivos e individuos con intereses diverxentes. Mais non son os conflitos, per se, o que ameaza o benestar, pois os conflitos son un aspecto natural das relacións humanas. A violencia e o dano xurden das formas en que ditos conflitos son abordados. Se son intervenidos de xeito pacífico poden incluso resultar creativos e produtivos á hora de procurar unha harmonía cosmopolita entre movementos migratorios, loitas polos dereitos humanos, e vivenzas desde a diversidade de crenzas relixiosas, identidades de xénero, falas e prácticas étnicas deste mundo. O alumnado desta materia aprenderá a afrontar con creatividade este escenario a través da cultura da paz e da nonviolencia para así fomentar unha convivencia óptima tanto nos ámbitos socioeducativos intervidos, como, por extensión, nas comunidades multiculturais que os rodean.</p>			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
1. Coñecer e comprender a contextualización temporal, espacial e social da convivencia, mediación e resolución de conflitos nas institucións socioeducativas: unha visión de conxunto.	AP1 AP4	BM1 BM3 BM6 BM12 BM16	CM4 CM6



2. Analizar e interpretar os marcos epistemolóxicos para a convivencia nas institucións socioeducativas.	AP1 AP4 AP12 AP13	BM1 BM3 BM4 BM5 BM6 BM8 BM10 BM12 BM16 BM19	CM4 CM6 CM7 CM8
3. Familiarizarse coas focaxes críticas sobre a praxe actual en torno á convivencia, a mediación e a resolución non violenta de conflitos nas institucións socioeducativas.	AP1 AP4 AP12 AP13 AP14	BM1 BM3 BM6 BM12 BM16 BM19	CM4 CM6 CM7
4. Desenvolver capacidades de argumentación e de aplicación de coñecementos sobre a práctica da mediación e a resolución de conflitos en xeral nas institucións socioeducativas.	AP2 AP3 AP5 AP6 AP7 AP8 AP9 AP10 AP11	BM2 BM4 BM5 BM7 BM8 BM9 BM10 BM11 BM13 BM15 BM18 BM19	CM1 CM3 CM4
5. Valorar a formación e a investigación neste campo como camiños para mellorar a práxe da convivencia nas institucións socioeducativas.	AP1 AP7 AP11 AP14	BM1 BM5 BM6 BM11 BM12 BM14 BM19 BM20	CM6 CM8

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Contextualización temporal, espacial e social da convivencia, mediación e resolución de conflitos nas institucións socioeducativas: unha visión de conxunto	1a. Panorámica histórica. 1b. Perspectivas internacionais, estatais e autonómicas. 1c. A relación da convivencia nos centros educativos coa situación social actual.
2. Marcos epistemolóxicos para abordar a convivencia nas institucións socioeducativas	2a. Influencias epistemolóxicas. 2b. Alternativas ás epistemoloxías dominantes. 2c. Ideoloxía e discurso.



3. Focaxes críticas sobre a praxe actual en torno á convivencia, a mediación e a resolución nonviolenta de conflitos nas institucións socioeducativas	3a. Políticas educativas: macro e micropolíticas. 3b. Poder decisorio e participación: comunidade educativa, familias, tipos y niveis de colaboración e convivencia. 3c. O papel do conflito e da súa prevención e resolución nonviolenta nas institucións educativas. 3d. Ética e reflexividade no fomento, na organización e na praxe da convivencia.
4. Perspectivas de futuro en torno á mellora da convivencia nas institucións socioeducativas	4a. Desafíos socioeducativos. 4b. Formación e investigación.

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	0	35	35
Sesión maxistral	25	0	25
Estudo de casos	4	10.5	14.5
Xogo de rol (role playing)	2	0	2
Aprendizaxe colaborativa	25	10	35
Atención personalizada	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Desenvolvemento en parellas ou en grupos de tres dun traballo a partir ben dun estudo de caso, ben dunha revisión bibliográfica, en referencia a un fenómeno ou problemática da convivencia nas institucións socioeducativas, con síntese crítica de perspectivas tanto teóricas como prácticas.
Sesión maxistral	Exposición oral, por parte das docentes, e con apoio de recursos audiovisuais, de contidos relacionados co temario da materia.
Estudo de casos	Metodoloxía na que se analiza unha situación específica cun problema a ser entendida e valorada por un grupo de persoas a través dun proceso de discusión, e posteriormente (e hipoteticamente) intervida. Estes casos xurdirán nas clases ou nalgún das fontes bibliográficas lidas.
Xogo de rol (role playing)	Técnica de dinámica de grupos que ten como obxectivo axudar a desenvolver a perspectiva social e a empatía mediante a representación de diferentes papeis dentro de situacións conflitivas onde interveñen diferentes posturas que teñen que ser combinadas. Utilízase para traballar as relacións interpersoais, o comportamento, os valores e as actitudes.
Aprendizaxe colaborativa	Dinámicas de grupos variadas, que se empregarán en clase nos debates e no xogo de rol, na análise das fontes realizada en parella ou grupo, e nos traballos tutelados. O grao de participación de cada estudante nestas dinámicas colectivas avaliarase a nivel individual.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	A atención personalizada en relación a esta metodoloxía concíbese como momentos de traballo presencial co profesorado, polo que implican unha participación obrigatoria para o alumando. A forma e o momento en que se desenvolverán indicárase ao longo da materia segundo o plan de traballo realizado por cada estudante.

Avaliación		
Metodoloxías	Descrición	Cualificación



Aprendizaxe colaborativa	Valorarase a capacidade do alumnado para colaborar en grupo; participar en clase comentando os contidos e o sentido das lecturas asignadas e doutras fontes consultadas; así como a súa capacidade de argumentar críticamente acerca das mesmas, no contexto das discusións e dinámicas de clase.	20
Traballos tutelados	Valorarase a competencia do alumnado no resumo e na valoración argumentada de cada texto empregado na elaboración do traballo, así como na comparación entre os mesmos, coa fin de: a) realizar unha síntese crítica e orixinal, e b) analizar o caso ou a cuestión/problemática escollida.	80

Observacións avaliación

En caso de non superar a materia na primeira oportunidade, o alumnado realizará un exame sobre os contidos da materia.

Fontes de información

Bibliografía básica

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías